1980

Lema:

recunco

Autor:

Darío Xohán Cabana
rúa de Lamas de Prado, 9-2º
Lugo
Tfno. 22 58 12

1980

ODE CHAIREGA

lema:
recunco

Undosos eidos da nativa terra,
deixaime que vos cante e vos celebre
coma cousa de meu fonda e antiga,
Chaira louvada.

Campos de paz, trigueiras verdescentes,
carballeiras de mol sonoridade,
abertas agras que agallopa o vento,
terra sen beiras.

Miño pousón, paciente pegureiro
de salgueiros arxénteos, pai amante,
espello claro de azulado ceo,
fonte da vida.

Montes azules de Abadín e Meira,
serras de lonxe leves e onduladas,
cerco dourado pola primavera,
neve de inverno.

Castelo esagonal, arbre de historia,
memoria eterna, testimuña nosa,
pedra dos dias que se estende ó ceo
sobre Villalba.

Duro labrego, pedra cantería,
dono da Chaira e dos camiños longos,
sementador do pan, pedra do mundo,
eu te celebro.

Muller chairega, luz dorosa e clara,
curvada sempre sobre os eidos patrios,
oh miña mai de chás maus degresadas
sempre amorosas.

Matriz eterna, sufridora escrava,
raíz de min, aleitadora e nobre
que nos teus ollos levas o silencio,
pra ti o meu canto.

A vós os mortos que deixastes vida
sobre os camiños que andivestes onte,
a vós tamén o meu cántigo simple,
triste e alegre.

Pra ti, Afonso de Lanzós que un dia
da Terra Chá ó Val de Lemos fuche,
capitán de irmandiños, héroe noso,
cara a tua morte.

Ilustre fillo de Lanzós, grabado
na lauda inmensa do común recordo,
escrito en lume sempre aceso e vivo
fica o teu nome.

E a ti, trobeiro desta vila branca,
celebro nesta clara tarde quente
beira do rio surridor e calmo,
meu Guedelliñas.

E aquel viciño da alborada nova,
paxaro ledo de cantiga amante,
claro e sinxelo coma pomba ou rula,
noso Chao Ledo.

Canción mel de rio pequeneiro
coma Fabilos, Madalena ou Támboga,
dorme na terra miña vella amiga
Carmiña Prieto.

Oh Aquilino, cántigo ou estrela,
amor e pranto, laio e máis lostrego,
chairego fondo, cálido poeta,
fillo do vento!

Crecente seña sempre canda nosa,
seiva de toxo, flor de codeseira,
calado ermo, cousa tenra e nova,
xílgaro noso.

Poetas meus, cantores do meu eido,
bardos do meu, deixaime que vos cante,
deixaime que vos louve e vos celebre,
voces da terra!
E tu oh terra! ben cantada sempre,
déixame que tamén eu te saúde,
seiva queimante, fronta regalada,
nos meus poemas.

E atal nacín na primavera nova,
morra tamén en ti no outono claro
mirando as nobres arboredas pálidas
igual ca de ouro.

Que me recorden non pola cantiga,
non polos versos de louvarte, oh Chaira.
Que me recorden porque fun chairego,
teu namorado!